

1. Tipos de texto:

- O diálogo (130)
- A entrevista (184)
- Os textos informativos (239)

2. O tecido da lingua:

- Cohesión: repetición, substitución e deíxe (102)
- Puntuación (132/158)

3. Lingua e sociedade:

- Historia social da lingua: a decadencia (106)
- Linguas en contacto: prexuízos lingüístico (136)

- Historia social da lingua: a dignificación (164)

4. A lingua por dentro:

- Os pronomes persoais (138)
- O verbo (166/192)

5. Letras e signos:

- O sistema vocálico (58)
- O sistema consonántico (86)
- Grupos consonánticos (112)

6. Literatura:

- Galego medio: Séculos Escuros e precursores (92)

1. Tipos de texto:

- O diálogo (130)

O diálogo é unha forma básica da comunicación oral na que varias persoas expresan alternativamente as súas ideas ou sentimentos.

1.a. Pon exemplos de textos dialogais. Indica os que normalmente usan unha variedade de lingua formal e os que usan unha variedade informal.

1.b. Ás veces queremos reproducir as palabras doutras persoas. Isto acontece moi frecuentemente na narración. Que dous estilos podemos empregar para facer isto? En que se diferencian?

1.c. Cales son as principais características do estilo directo?

1.d. E do estilo indirecto? Cales son os verbos que empregamos máis usualmente para introducir as palabras doutras persoas neste estilo?

1.e. Cando se usan as comiñas (‘’)?

1.f. E a raia(—)?

- **A entrevista (184)**

1.g. Que é unha entrevista? Que tipo de texto é?

1.h. Que estrutura ten este xénero xornalístico?

1.i. Que pasos debemos observar para a análise dunha entrevista?

1.k. E os pasos para facer unha entrevista?

Exercicios 1 e 2 da páxina 185.

- **Os textos informativos (238)**

1.l. Que tipo de textos son os expositivo-informativos?

1.ll. Que partes debe ter un texto expositivo-informativo?

1.m. Como podemos organizar a información neste tipo de textos?

1.n. Que quere dicir que estes textos deben ser claros e sinxelos?

1.o. Que é a concisión? Como se consegue?

1.p. Que é a propiedade? Como se consegue?

Exercicios 1, 2 e 4 da páxina 239.

2. O tecido da lingua:

- **Cohesión: repetición, substitución e deíxe (102)**

2.a. Que é un texto ben cohexionado?

É un texto no que as palabras, as oracións e os parágrafos están ligados (desde o punto de vista gramatical (concordancias) e léxico-semántico (significados) dun xeito claro e lóxico.

2.b. Cales son os principais mecanismos de cohesión?

A repetición de palabras, a substitución, a deíxe, a puntuación e os conectores.

2.c. Como podemos substituír as palabras dun texto?

Podemos substituílas por sinónimos, hiperónimos, pronomes, adverbios ou expresións equivalentes no contexto. Tamén podemos substituílas por nada, é dicir eliminalas sempre que poidamos recuperar a información polo contexto (elipse).

2.d. Que é a deíxe? De que tipos pode ser?

Deíxe refírese á propiedade da lingua de indicar, de sinalar no momento da comunicación as persoas que participan nela ou o espazo e o tempo onde e cando ten lugar. Esta referencia pode ser a elementos que están fora do texto ou dentro do texto. A deíxe de persoa realízase por medio de pronomes, posesivos e a variación persoal dos verbos; a de espazo, por medio de adverbios e demostrativos e a de tempo, por medio de adverbios e a información temporal das formas verbais.

Exercicios 1 e 2 da páxina 103.

- **Puntuación (132/158)**

Exercicios 1, 2 e 3 da páxina 133 // exercicios 1, 2 e 3 da páxina 159.

3. Letras e signos:

- **O alfabeto (32)**

3.a. Que é unha letra? É o mesmo que unha grafía?

3.b. Que é un dígrafo?

3.c. Na lingua galega, a unha grafía sempre lle corresponde un único son?

3.d. E un mesmo son, é sempre representado pola mesma grafía?

- **O sistema vocálico (58)**

3.e. Que é unha vogal?

3.f. Que aspectos da pronuncia nos permiten realizar diferentes sons vocálicos?

Exercicios 2 e 3 da páxina 59.

- **O sistema consonántico (86)**

3.e. Que é unha consoante?

3.f. Que aspectos da pronuncia nos permiten realizar diferentes sons consonánticos?

Exercicios 2, 4 e 5 da páxina 87.

- **Grupos consonánticos (112)**

Exercicios 1, 2, 3, 4 e 5 páxinas 112 e 113.

4. A lingua por dentro:

- **Os pronomes persoais (138)**

4.a. Que é un pronome persoal?

4.b. Que significado teñen os pronomes persoais?

4.c. En que se diferencian os pronomes átonos e os tónicos? Que series hai en cada grupo?

Exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 nas páxinas 140 e 141.

- **O verbo (166/192)**

4.d. Que é un verbo?

4.e. Que indica o modo dun verbo? Cantos modos hai? Que indica cada un deles?

4.f. E o tempo? Que tempos diferenciamos en galego?

4.g. Que morfemas forman parte dun verbo? Que indica cada un deles?

4.h. Cales son as formas nominais do verbo? Que características ten cada unha delas?

4.i. Cando se debe usar o infinitivo conxugado?

4.k. Que é unha perífrase verbal?

4.l. Que tres tipos de perífrases hai? E que valores se poden expresar dentro de cada un destes tipos? Pon exemplos en cada caso.

Exercicios 1, 2, 4, 6 e 8 das páxinas 168 e 169.

Exercicios 1, 2, 3, 4 e 6 das páxinas 194 e 195.

5. Lingua e sociedade:

- **Historia social da lingua: a decadencia (106)**

5.a. Le os textos da páxina 106. É un texto expositivo? Por que? Cales son as ideas principais de cada un dos textos? Fai un esquema onde inclúas as ideas principais e secundarias de cada un dos textos.

Exercicios 1, 3 e 4 da páxina 107.

- **Linguas en contacto: prexuízos lingüístico (136)**

5.b. Fai un esquema coas ideas principais que recolle o texto da páxina 136.

Exercicios 1, 2, 4 e 5 da páxina 137.

- **Historia social da lingua: a dignificación (164)**

5.c. Fai un esquema coas ideas principais que se recollen nas páxinas 164 e 165.

Exercicios 1 e 2 da páxina 165.

6. Literatura:

- **Galego medio: Séculos Escuros e precursores (92)**

6.a. Cales foron as causas dos Séculos Escuros?

6.b. Que consecuencias tivo para a lingua galega?

6.c. Por que cres que o texto da páxina 92 se titula “A lingua galega: a resistencia do pobo”?

6.d. Que mostras literarias dos Séculos Escuros se conservan?

6.e. Por que afirmamos que no século XVIII a situación con respecto á lingua galega comezou a mudar?

6.f. Que figuras destacan na defensa do galego na Ilustración?

6.g. Que coñecemos como Prerrexurdimento? Porque recibe este nome?

6.h. Quen son os precursores? Por que reciben este nome?

6.i. Cales foron as principais dificultades que tiveron que superar á hora de escribir en galego?